

## **ÍNDICE**

### **PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA CONTRATAR MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO, ÚNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN, AO PREZO MÁIS BAIXO, TRAMITACIÓN ORDINARIA, A OBRA “BOMBEO E IMPULSIÓN DE RESIDUAIS DA PARROQUIA DE SAIAR Á EDAR”, NO CONCELLO DE CALDAS DE REIS**

CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto, cualificación do contrato, e necesidades administrativas a satisfacer

CLÁUSULA SEGUNDA. Forma de adxudicación e órgano de adxudicación

CLÁUSULA TERCEIRA. Perfil do contratante

CLÁUSULA CUARTA. Importe do contrato e existencia de crédito

CLÁUSULA QUINTA. Acreditación da aptitude para contratar

CLÁUSULA SEXTA. Presentación de proposicións e documentación administrativa

CLÁUSULA SÉTIMA. Criterio de adxudicación

CLÁUSULA OITAVA. Mesa de contratación

CLÁUSULA NOVENA. Prerrogativas da Administración

CLÁUSULA DÉCIMA. Apertura de proposicións

CLÁUSULA DÉCIMO PRIMEIRA. Requirimento da documentación

CLÁUSULA DÉCIMO SEGUNDA. Garantía definitiva

CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA. Adxudicación e formalización do contrato

CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA. Acta de comprobación do replanteo e plan de seguridade e saúde no traballo

CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA. Dirección e execución das obras

CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA. Prazo de execución, cumprimento dos prazos e penalidades por demora

CLÁUSULA DÉCIMO SÉTIMA. Pagamento do prezo de adxudicación da obra

CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA. Revisión de prezos

CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA. Obrigacións do contratista

CLÁUSULA VINTE. Subcontratación

CLÁUSULA VINTE E UN. Modificación do proxecto

CLÁUSULA VINTE E DOUS. Recepción e liquidación das obras

CLÁUSULA VINTE E TRES. Prazo de garantía

CLÁUSULA VINTE E CATRO. Indemnizacións por casos de forza maior

CLÁUSULA VINTE E CINCO. Resolución do contrato

CLÁUSULA VINTE E SEIS. Deber de confidencialidade

CLÁUSULA VINTE E SETE. Réxime xurídico do contrato

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA CONTRATAR MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO, ÚNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN, AO PREZO MÁIS BAIXO, TRAMITACIÓN ORDINARIA, A OBRA “BOMBEO E IMPULSIÓN DE RESIDUAIS DA PARROQUIA DE SAIAR Á EDAR”, NO CONCELLO DE CALDAS DE REIS

**CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto, cualificación do contrato, e necesidades administrativas a satisfacer**

O presente prego ten por obxecto a contratación da obra que se describe no proxecto de “Bombeo e impulsión de residuais da parroquia de Saiar á Edar”, proxecto redactado polo enxeñeiro técnico de obras públicas Dº José María Richard Marín.

Con este contrato se satisfarán as necesidades que se describen na memoria do proxecto, mediante a execución das obras descritas no mesmo, e que se definen nos planos, e coas características e calidade que se recolle no prego de prescricións técnicas particulares e no orzamento.

Non existe fraccionamento do obxecto do contrato.

Codificación:

CPV: 45232410-9

Ademais do presente prego, terán carácter contractual, pola orde de prelación na que se indican os seguintes documentos: o documento no que se formalice o contrato, a oferta do adxudicatario, o prego de cláusulas administrativas particulares, o prego de prescricións técnicas, os planos, o anexo de instalacións, a memoria no referente á descrición dos materiais básicos ou elementais que formen parte das unidades de obra, os cadros de prezos, o programa de traballo do proxecto e, se é o caso, o que presente o adxudicatario, unha vez aprobado pola Administración.

O contrato, de natureza administrativa, cualifícase como contrato de obras, artigo 6 do TRLCSP, e adxudícase polo procedemento aberto, tramitación ordinaria, previsto e regulado polos artigos 157 a 161 do TRLCSP e artigos concordantes do RXLCAP.

**CLÁUSULA SEGUNDA. Forma de adxudicación e órgano de adxudicación**

A forma de adxudicación do contrato de OBRA será o procedemento aberto, no que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición e no que quedará excluída toda negociación dos termos do contrato, de acordo co artigo 157 do TRLCSP.

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase a un único criterio de adxudicación, o prezo máis baixo, de conformidade co artigo 150 do TRLCSP.

O órgano de contratación será a Xunta de Goberno Local, de conformidade co preceptuado na lexislación vixente e o réxime de delegacións existente no Concello.

**CLÁUSULA TERCEIRA. Perfil do contratante**

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este concello conta co perfil do contratante, ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na seguinte páxina web: [www.caldasdereis.com](http://www.caldasdereis.com).

#### **CLÁUSULA CUARTA. Importe do contrato e existencia de crédito**

O orzamento máximo de licitación ascende a contía de 109.032,64 euros, ao que se engadirá o Imposto sobre o Valor Engadido por valor de 22.896,85 euros, o que supón un total de 131.929,49 euros.

O presente contrato finánciase con cargo ao expediente de crédito extraordinario 1/2015, financiado con remanente de tesourería para gastos xerais. Anuncio de aprobación definitiva do expediente publicado no BOP de Pontevedra nº 77 de 24 de abril de 2015.

Existe crédito disponible na aplicación 1602/60901

Para tódolos efectos, entenderase que o orzamento aprobado pola Administración comprende tódolos gastos directos e indirectos que o contratista deba realizar para a normal execución da obra contratada, as taxas por prestación dos traballos de inspección, dirección e subdirección das obras e calquera outra que resulte de aplicación segundo as disposicións vixentes, e toda clase de tributos, autorizacións e licenzas tanto municipais, provinciais como estatais, agás o IVE que figurará como partida independente.

Así mesmo serán por conta do contratista o importe das posibles fianzas que houbese que depositar ante calquera organismo público ou privado.

#### **CLÁUSULA QUINTA. Acreditación da aptitude para contratar**

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibicións de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, e dispoñan da habilitación empresarial ou profesional necesaria para a execución da prestación que constitúe o obxecto do contrato

1. A capacidade de obrar dos empresarios acreditarase:

a) A capacidade de obrar dos empresarios que fosen persoas xurídicas mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

b) A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

Os demais empresarios estranxeiros, con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2. A proba por parte dos empresarios da non concorrencia dalgunha das prohibicións para contratar poderá realizarse:

a) Mediante testemuño xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando devandito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

b) Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

### 3. A solvencia do empresario:

3.1 A solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

b) As contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en Rexistros oficiais poderán achegar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.

c) Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contrato, referido como máximo ao tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias do devandito volume de negocios.

3.2. A solvencia técnica dos empresarios acreditarase por un ou varios dos seguintes medios:

a) Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución para as obras máis importantes; estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras, e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e se se levaron normalmente a bo termo; se fose o caso, os ditos certificados seranlle comunicados directamente ó órgano de contratación pola autoridade competente.

b) Declaración na que se indiquen os técnicos ou as unidades técnicas (estean ou non integrados na empresa) de que esta dispoña para a execución das obras, e especialmente os responsables do control de calidade, acompañada dos documentos acreditativos correspondentes.

c) Títulos académicos e profesionais do empresario e dos directivos da empresa, e en particular do responsable ou responsables das obras.

d) Indicación das medidas de xestión medioambiental que o empresario poderá aplicar ó executar o contrato.

e) Declaración sobre o cadro de persoal medio anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.

f) Declaración na que se indique a maquinaria, material e equipo técnico de que se dispoñerá para a execución das obras, á cal se axuntará a documentación acreditativa pertinente.

## **CLÁUSULA SEXTA. Presentación de proposicións e documentación administrativa**

As ofertas presentaranse no concello de Caldas de Reis, r/ Ferrería nº 1, en horario de atención ao público, no prazo de VINTESEIS días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

O anuncio de licitación, xunto cos pregos, publicarase tamén no perfil do contratante.

As proposicións poderanse presentar por correo, por telefax ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992,

do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cando as proposicións sexan enviadas por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión desta mediante un télex, un fax ou un telegrama o mesmo día, no que se consigne o número do expediente, o título completo do obxecto do contrato e o nome do licitador.

A acreditación da recepción do referido télex, fax ou telegrama realizarase mediante unha dilixencia estendida polo secretario municipal. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos, non será admitida a oferta se o órgano de contratación a recibe despois da data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, unha vez que transcorran os dez días seguintes a esa data sen que se recibise a oferta, esta non será admitida.

Os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán cumprir, ademais, os requisitos establecidos na disposición adicional décimo sexta do TRLCSP.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurase en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

A presentación dunha proposición supón a aceptación incondicional polo empresario das cláusulas deste prego.

As proposicións para participar na licitación presentaranse en dous sobres pechados, asinados polo licitador e con indicación do domicilio para os efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda «Proposición para licitar a contratación da obra de \_\_\_\_\_».

A denominación dos sobres é a seguinte:

- Sobre «A»: Documentación administrativa.
- Sobre «B»: Proposición Económica.

Os documentos que se deben incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias verificadas, conforme á lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre incluíranse os seguintes documentos:

#### **SOBRE «A»**

#### **DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA**

a) **Declaración Responsable do licitador** indicativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración.

Presentarase conforme ao seguinte modelo:

#### **« MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA PERSOAS XURÍDICAS**

D....., con DNI n°....., en nome da sociedade....., con NIF n°....., de acordo coa escritura de poder.....(ou documento que o habilite para actuar en nome da persoa xurídica a que representa), para os efectos de contratar co Concello de....., DECLARO, baixo a miña responsabilidade:

1º.- Que a empresa á que represento dispón de capacidade de obrar e xurídica e da habilitación profesional, necesaria para concertar co Concello de..... a execución do contrato de..... O obxecto social da empresa comprende a actividade obxecto deste contrato, de acordo co recollido no artigo..... dos seus estatutos sociais, estatutos que se achán correctamente inscritos nos Rexistros correspondentes.

2º.- (Alternativamente) Que a devandita empresa dispón da clasificación / solvencia requirida para a devandita contratación. / Que a devandita empresa dispón dos requisitos mínimos de clasificación / solvencia establecidos para concorrer á devandita contratación, complementándoa polo medio seguinte (marcar o que proceda):

- a. Formando unha unión temporal de empresas para concorrer á licitación coa mercantil....., adquirindo o compromiso expreso de constituír a devandita UTE en caso de resultar nosa oferta adjudicataria do contrato (neste caso, a declaración ha de ser subscrita por cada unha da empresa que integrarán a futura UTE).
- b. Dispoñendo de medios externos para executar as prestacións seguintes.....

Os devanditos medios externos consisten en..... e serán achegados por.....

A tal efecto subscribiuse coa devandita empresa un.....

3º.- (Alternativamente) Que a esta licitación non concorre ningunha outra empresa do grupo empresarial ao que pertence a que represento / Que a esta licitación presentarán ofertas as seguintes empresas integradas no mesmo grupo empresarial do que forma parte a que represento: .....

(Hase de entender por sociedades dun mesmo grupo empresarial aquelas que se encontren nalgún dos supostos considerados no artigo 42.1 do Código de Comercio).

4º.- Que nin eu persoalmente nin ningún dos administradores da persoa xurídica en cuxo nome actúo estamos incurso en ningunha das prohibicións para contratar coa Administración establecidas no artigo 60 do Texto Refundido Lei de Contratos do Sector Público.

5º.- Que a empresa á que represento está ao corrente de todas as súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

6º.- Que a empresa á que represento NON / SI (márquese o que proceda) ten un número de 50 ou máis traballadores, (en caso de superar esa cifra) sendo o número de traballadores con discapacidade na empresa de....., o que supón un.....% traballadores pertencentes a este colectivo, (alternativamente, segundo o caso), significando que se supliu a esixencia legal de dispoñer no equipo con máis do 2% de traballadores con discapacidade polas medidas alternativas legalmente previstas seguintes:.....

7º.- Que a oferta que presento garante, respecto dos traballadores e procesos produtivos empregados na elaboración dos produtos e/ou servizos, así como na execución do contrato, o cumprimento das obrigas ambientais, sociais e laborais derivadas dos convenios colectivos aplicables, o Dereito español e da UE, así como das disposicións de Dereito internacional sobre estas materias subscritas pola Unión Europea.

8º.- Que o correo electrónico para recibir todas as comunicacións relacionadas co presente expediente é ..... O que declaro aos efectos do previsto no art.146 do TRLCSP, comprometéndome a presentar a xustificación acreditativa de tales requisitos no prazo que sexa requirido pola unidade de Tramitación, no caso de que vaia resultar adxudicatario do contrato....., indicando que posúo todos estes requisitos no momento de presentación da presente declaración responsable e autorizando expresamente o Concello de..... á súa verificación directa.

En....., a.... de..... de.....

Asdo: .....

### **MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA PERSOAS FÍSICAS**

D....., con DNI nº....., en nome propio, e domicilio para efecto de notificacións en....., para os efectos de contratar co Concello de....., DECLARO, baixo a miña responsabilidade:

1º.- Que dispoño de capacidade de obrar e xurídica, da habilitación profesional, clasificación e/ou solvencia esixida no cadro de características particulares, para executar o contrato de.....

2º.- Que non estou incurso en ningunha das prohibicións para contratar coa Administración establecidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

3º.- Que estou ao corrente nas miñas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

4º.- Que a oferta que presento garante, respecto dos traballadores e procesos produtivos empregados na elaboración dos produtos e/ou servizos, así como na execución do contrato, o cumprimento das obrigas ambientais, sociais e laborais derivadas dos convenios colectivos aplicables, o Dereito español e da UE, así como das disposicións de Dereito internacional sobre estas materias subscritas pola Unión Europea.

5º.- Que o correo electrónico para recibir todas as comunicacións relacionadas co presente expediente es.....

O que declaro aos efectos do previsto no art.146 do TRLCSP, comprometéndome a presentar a xustificación acreditativa de tales requisitos no prazo que sexa requirido pola unidade de tramitación, no caso de que vaia resultar adxudicatario do contrato....., indicando que posúo todos estes requisitos no momento de presentación da presente declaración responsable e autorizando expresamente o Concello de..... á súa verificación directa.

En ....., a .... de ..... de .....

Asdo: .....

### **SOBRE «B»**

#### **Sobre B: Proposición económica**

Neste sobre incluírase

a) A oferta económica, debidamente asinada e datada, axustada ó modelo seguinte:

Don/a....., con DNI núm. ...., natural de....., provincia de ....., maior de idade e con domicilio en .....rúa/....., teléfono ....., actuando en nome (propio ou da empresa a que represente), á vista do anuncio do Concello de Caldas de Reis, preséntase para participar no procedemento de licitación e conforme con tódolos requisitos e condicións que se esixen para adxudicar mediante procedemento aberto o contrato de “.....” e co Prego de Cláusulas Administrativas e o proxecto de obras que rexerá a licitación, e na representación que ostenta, comprométese a asumir o cumprimento do citado contrato polo prezo alzado (en cifras e letra) de ..... euros, mailo IVE por importe de.....€, o que fai un total de .....€, no prazo de .....

Lugar, data e sinatura do proponente”

A proposición expresará o valor ofertado como prezo de contrata para a realización do traballo obxecto de licitación, incluíndo de xeito separado o importe do imposto sobre o valor engadido que corresponda.

En caso de discordancia entre a cantidade consignada en cifras e a consignada en letra, prevalecerá esta última. Non se aceptarán aquelas proposicións que teñan omisións, erros ou borrachos que impidan coñecer claramente todo aquilo que a Administración estime fundamental para a oferta.

#### **CLÁUSULA SÉTIMA. Criterio de adxudicación**

As ofertas presentadas polos candidatos admitidos valoraranse cun máximo de 50 puntos sobre a base do seguinte criterio de adxudicación:

**Menor prezo ofertado**, ata un máximo de 50 puntos, outorgando 50 puntos á oferta máis baixa das admitidas. A puntuación das restantes establecerase en base á seguinte fórmula:

$$P = \frac{50 \times Y}{X}$$

Onde P é a puntuación que corresponde a cada licitador, X é o prezo da oferta a considerar e Y o prezo da mellor oferta.

Os criterios para apreciar as ofertas desproporcionadas ou temerarias son os establecidos no artigo 85 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Criterios de desempate:

O desempate resolverase a favor das proposicións presentadas por aquelas empresas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica, teñan no seu persoal un número de traballadores con discapacidade superior ao 2%. Se varias empresas licitadores das que tiveran empatado en canto á proposición máis vantaxosa acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao 2 %, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña de maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu cadro de persoal.

De persistir o empate, efectuarase un sorteo.



## **CLÁUSULA OITAVA. Mesa de contratación**

A mesa de contratación, de acordo co establecido no punto 10 da disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, en relación co artigo 21.2 do Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente o TRLCSP estará presidida por un membro da corporación ou un funcionario dela e actuará como secretario ou funcionario da corporación. Formarán parte dela, polo menos, catro vogais, entre os que estará o secretario ou, se é o caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o interventor, así como aqueles outros que designe o órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da corporación, ou membros electos dela.

Conforman a mesa de contratación os seguintes membros:

- Presidente: O Alcalde-Presidente.

- Vogais:

O arquitecto técnico municipal

O encargado de obras do Concello

A interventora municipal

A secretaria xeral do Concello, ou funcionario que o substitúa.

Secretario/a: Un funcionario do Concello con categoría, alomenos, de administrativo.

## **CLÁUSULA NOVENA. Prerrogativas da Administración**

O órgano de contratación, de acordo co artigo 210 do TRLCSP, ten as seguintes prerrogativas:

a) Interpretación do contrato.

b) Resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.

c) Modificación do contrato por razóns de interese público.

d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

En todo caso, darase audiencia ao contratista, para o que se deberán seguir os trámites previstos no artigo 211 do TRLCSP.

## **CLÁUSULA DÉCIMA. Apertura de proposicións**

A mesa de contratación constituirase o terceiro día hábil (non sábado) despois da finalización do prazo de presentación das ofertas, ás dez horas, e cualificará a documentación administrativa contida nos sobres «A». Se fose necesario, a mesa poderá conceder un prazo non superior a tres días para que o licitador corrixa os defectos ou omisións emendables observados na documentación achegada.

Procederese despois á apertura e exame do sobre «B» e será formulada a correspondente proposta de adxudicación ao órgano de contratación.

## **CLÁUSULA DÉCIMO PRIMEIRA. Requirimento da documentación**

O órgano de contratación requiriralle ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa que, dentro do prazo de dez días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de o cumprimento dos

requisitos previos a que fai referencia o artigo 146.1 do TRLCSP, así como de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, ou que autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso, de dispor efectivamente dos medios que se comprometese a dedicar ou adscribir á execución do contrato, conforme o artigo 64.2 do TRLCSP, e de ter constituído a garantía definitiva que sexa procedente.

O momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o da finalización do prazo de presentación das proposicións.

Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

Ao abeiro do disposto no artigo 4.4 da Lei 13/2012, do 26 de decembro, de loita contra o emprego irregular e o fraude á Seguridade Social, no que se tipifica como infracción grave no artigo 22. 11 do Texto refundido da Lei de infracción e Sanción na Orde Social, aprobado por Real decreto legislativo 5/2000, a conduta consistente en “No comprobar por los empresarios que contraten o subcontraten con otros la realización de obras o servicios correspondientes a la propia actividad de aquéllos o que se presten de forma continuada en sus centros de trabajo, con carácter previo al inicio de la prestación de la actividad contratada o subcontratada, la afiliación o alta en la Seguridad Social de cada uno de los trabajadores que estos ocupen en los mismos durante el periodo de ejecución de la contrata o subcontrata, considerándose una infracción por cada uno de los trabajadores afectados.”, e no artigo 5 da mencionada lei na que se reitera a obriga dos empresarios que contraten ou subcontraten con outros a realización de obras ou servizos correspondentes á propia actividade de aqueles ou que se presten de forma continuada nos centros de traballo, de comprobar, con carácter previo ao inicio da prestación da actividade contratada ou subcontratada a afiliación e alta na Seguridade Social de cada traballador (nova redacción do artigo 5 do Real decreto-lei 5/2011, de 29 de abril, de medidas para a regularización e control do emprego somerxido e fomento da rehabilitación de vivendas), o Concello procederá a verificar esta afiliación e alta con carácter previo a iniciar a prestación nos supostos previstos na norma, e durante o período de execución da contrata ou subcontrata, polo que o adxudicatario está obrigado a achegar, no prazo indicado pola Administración, toda a documentación que lle sexa requirida a tal efecto.

#### **CLÁUSULA DÉCIMO SEGUNDA. Garantía definitiva**

Os que resulten adxudicatarios dos contratos deberán constituír unha garantía do 5% do prezo de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido.

Esta garantía poderá prestarse nalgunha das seguintes formas:

- a) En efectivo ou en valores de Débeda Pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta Lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais das delegacións de Economía e Facenda, ou nas caixas ou establecementos públicos equivalentes das comunidades autónomas ou entidades locais contratantes ante as que deban ter efecto, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan.
- b) Mediante un aval, prestado na forma e nas condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta Lei, por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito,

establecimientos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberá depositarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

c) Mediante un contrato de seguro de caución, levado a cabo na forma e nas condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no sector. O certificado do seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

A garantía non se devolverá ou se cancelará ata que se produza o vencemento do prazo de garantía e se cumpra satisfactoriamente o contrato.

Esta garantía responderá aos conceptos incluídos no artigo 100 do TRLCSP e transcorrido o prazo de 6 meses previsto no artigo 102.5, desde a data de terminación do contrato, sen que a recepción formal e a liquidación tivesen lugar por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, á súa devolución ou cancelación unha vez depuradas as responsabilidades a que se refire o citado artigo 100.

A acreditación da constitución da garantía poderá facerse mediante medios electrónicos.

### **CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA. Adxudicación e formalización do contrato**

Unha vez recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos DEZ días hábiles seguintes á recepción da documentación.

En ningún caso poderá declararse deserta unha licitación se existe algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que recolle este prego.

A adxudicación deberá ser motivada e será notificada aos candidatos ou licitadores e, ao mesmo tempo, publicarase no perfil do contratante.

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ao licitador excluído ou ao candidato descartado interpoñer un recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación. En particular expresará os seguintes puntos:

En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se rexeitou a súa candidatura.

A respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, tamén de xeito resumido, as razóns polas que non se admitiu a súa oferta.

En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario determinantes de que fose seleccionada a oferta deste con preferencia ás que presentaron os restantes licitadores cuxas ofertas foron admitidas.

Na notificación e no perfil do contratante indicárase o prazo en que debe procederse á formalización.

A notificación farase por calquera dos medios que permiten deixar constancia da súa recepción polo destinatario. En particular, poderase efectuar por correo electrónico ao enderezo que os licitadores ou candidatos designasen ao presentaren as súas proposicións, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. Porén, o prazo para considerar rexeitada a notificación, cos efectos previstos no artigo 59.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, será de cinco días.

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro dos quince días hábiles seguintes a contar desde a data da notificación da adxudicación; constituíndo devandito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

#### **CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA. Acta de comprobación do replanteo e plan de seguridade e saúde no traballo**

Acta de comprobación do replanteo.

Dentro dos quince días seguintes ao da formalización do contrato de obra, efectuarase a comprobación do replanteo, na data que a administración sinale, quedando obrigado o contratista, previa notificación, a acudir ao mesmo e subscribir a correspondente acta, de conformidade co artigo 229 do TRLCSP.

Se o contratista non acadise, sen causa xustificada, o acto de comprobación do replanteo, a súa ausencia considerarase como incumprimento do contrato, coas consecuencias e efectos previstos no artigo 237 do TRLCSP.

Plan de seguridade e saúde no traballo.

Dentro dos 15 días naturais seguintes ao da sinatura da Acta de Comprobación do Replanteo, e sempre antes do inicio das obras, o contratista presentará o plan de seguridade e saúde no traballo da obra, axustado ao estudo de seguridade e saúde, no seu caso, estudo básico de seguridade do proxecto, no que se analicen, estudien, desenvolvan e complementen as previsións contidas nestes.

En dito plan incluíranse, no seu caso, as propostas de medidas alternativas de prevención que o contratista propoña coa correspondente xustificación técnica, que non poderán implicar diminución do nivel de protección previsto no estudo.

O plan será aprobado polo Alcalde-Presidente, antes do inicio da obra, previo informe do Coordinador en materia de seguridade e saúde ou da Dirección facultativa da obra, se non fose preceptivo designar coordinador, e o contratista comunicarllo á autoridade laboral.

Nese mesmo prazo o contratista deberá achegar:

- a relación de subcontratistas e subministradores co importe da obra a realizar.
- o desenvolvemento do control de calidade e unidades de obra durante a execución desta, que debe ser aprobado pola Administración e contar coa conformidade do director de obra.

O desenvolvemento no tempo das actividades a realizar para o control de calidade deberá ser coherente co programa de traballo, e economicamente suporá o importe total que corresponda á porcentaxe do orzamento de execución material do proxecto, á que o contratista se comprometeu na súa proposición.

O incumprimento do compromiso adquirido por parte do contratista durante a execución da obra poderá ser causa de resolución do contrato.

#### **CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA. Dirección e execución das obras**

A obra realizarase con estrita suxeición ás estipulacións contidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares, ao proxecto técnico aprobado pola administración que serve de base ao contrato e conforme ás instrucións que, en interpretación técnica deste, dese o contratista o técnico director da obra, que serán de obrigado cumprimento para aquel, sempre

que sexan por escrito. Cando ditas instrucións fosen de carácter verbal deberán ser ratificadas por escrito no prazo máis breve posible, para que sexan vinculantes para as partes.

Durante o desenvolvemento da obra e ata que teña lugar a recepción definitiva, o contratista é responsable das fallas que na construción poidan advertirse.

O Concello resérvase a facultade de inspeccionar e vixiar o curso das obras a través dos seus técnicos.

O responsable do contrato, coas competencias que lle asigna o artigo 52 do TRLCSP, é o arquitecto director da obra.

A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista, de acordo cos límites e responsabilidades establecidos no artigo 212 do TRLCSP. Será responsable dos defectos que poidan advertirse na construción durante o desenvolvemento das obras, e ata que se cumpra o prazo de garantía.

#### **CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA. Prazo de execución, cumprimento dos prazos e penalidades por demora**

A duración do contrato de obras será de dous meses.

A execución do contrato comezará coa acta de comprobación do trazado de planta no prazo de quince días desde a data de formalización do contrato.

O adxudicatario queda obrigado ao cumprimento do prazo de execución das obras.

Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incorrese en demora respecto ó cumprimento dos traballos, ou non fixese os mesmos nas debidas condicións, o Concello poderá optar indistintamente pola resolución do contrato con perda da fianza, ou pola imposición das penalizacións previstas no artigo 212 do TRLCSP (0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato).

O importe das penalidades por demora deduciranse das certificacións e, no seu caso, da garantía.

Cando as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo, ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

Se o atraso fose producido por causas non imputables ao contratista, estarase ao disposto no apartado 2 do artigo 213 do TRLCSP.

A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración, e rexerase polo disposto no artigo 212 do TRLCSP.

#### **CLÁUSULA DÉCIMO SÉTIMA. Pagamento do prezo de adxudicación da obra**

Os pagamentos verificaranse contra certificacións mensuais de relación valorada, expedidas polo técnico director da obra. Así mesmo o contratista deberá presentar factura por igual importe que o da certificación, conforme ao previsto nos artigos 216 e 332 do TRLCSP.

As certificacións mensuais terán o carácter de pagamento a conta, estarán suxeitas ás rectificacións e variacións que se produzan na medición final, e non suporán aprobación e recepción das obras que comprendan.

A Administración terá a obriga de aboar o prezo das correspondentes certificacións que acrediten a realización parcial ou total das obras, no prazo fixado na lexislación vixente.

Mediante petición suscrita polo contratista poderanse realizar aboamentos a conta de instalacións, acopios de materiais e equipos de maquinaria pesada adscritos á obra, os cales deberán garantirse mediante aval bancario.

Na factura incluíranse os datos e requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación. Ademais incluíranse os seguintes aspectos previstos no punto segundo da disposición adicional trixésimo terceira do TRLCSP:

- a) órgano de contratación: a Xunta de Goberno Local. Código DIR3 L01360059
- b) órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública: o departamento de intervención e tesourería municipal. Código DIR3 L01360059
- c) destinatario: o Alcalde-presidente. Código DIR3 L01360059

#### **CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA. Revisión de prezos**

Dada a duración do contrato non é aplicable a revisión de prezos do artigo 89 do TRLCSP.

#### **CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA. Obrigacións do contratista.-**

Ademais das obrigacións xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, existirán especificamente as seguintes obrigas:

O contratista estará obrigado a instalar ao seu custo, os carteis anunciadores de obras, así como as sinais precisas para indicar o acceso á obra, a circulación na zona que ocupen os traballos e os puntos de posible perigo debido á marcha daquelas, tanto en dita zona como nos seus límites e inmediacións.

O contratista estará obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social, de seguridade e saúde no traballo, e de residuos, que terá en conta ao elaborar a súa proposición; así como das que se promulguen durante a execución das obras. En caso de accidente ou prexuízo de calquera índole ocorrido aos traballadores con ocasión do exercicio dos seus cometidos, o contratista, con exclusión da Administración, será o único responsable das consecuencias que se deriven de conformidade coa lexislación vixente.

O contratista estará obrigado a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais máis cualificados nas condicións esixidas pola boa práctica da construción, e deben ser suficientes para elo, de conformidade co artigo 64.2 do TRLCSP.

O contratista deberá cumprir as previsións recollidas no Plan de Seguridade e Saúde no Traballo.

Son de conta do contratista os gastos e impostos derivados dos anuncios oficiais da licitación e de formalización do contrato, e as taxas pola prestación dos traballos facultativos de comprobación do replanteo, dirección e inspección e liquidación e calquera outras que resulte de aplicación, segundo as disposicións vixentes na forma e contía que estas sinalen. En caso de que o esixa algunha das administracións que financia a obra, o contratista instalará a súa costa carteis de identificación da obra, coas características que se establezan.

A empresa contratista disporá en todo momento do persoal preciso e adecuado para a execución das obras ao seu cargo, nos termos contractual e legalmente establecidos e coa máxima calidade exisíble. En particular, garantirá:

- a cobertura en todo momento dos postos de traballo e as súas correspondentes funcións ofertadas na súa proposición.
- a categoría, formación, experiencia e aptitude profesional do persoal que teña asignado ao contrato.

A incapacidade demostrada dalgún empregado poderá xustificar a súa substitución ordenada polo órgano de contratación a través do responsable do contrato.

O persoal asignado ao contrato dependerá exclusivamente da empresa adxudicataria, a cal terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregador respecto do mesmo, sendo a Administración contratante de todo allea a dita relación laboral. Por conseguinte, en ningún caso poderá alegarse ningún dereito por dito persoal en relación coa Administración contratante, nin esixirse a esta responsabilidade de calquera clase, como consecuencia de obrigas existentes entre o contratista e os seu empregados, aínda no suposto de que os despedimentos ou medidas que o empresario adopte se baseen no incumprimento, interpretación ou resolución do contrato.

O adxudicatario comprométese a retribuír adecuadamente ao persoal destinado á obra con cargo ao prezo da adxudicación do contrato, asumindo de forma directa e non trasladable á Administración contratante o custo de calquera mellora nas condicións de traballo ou nas súas retribucións, xa sexa como consecuencia de convenios colectivos, pactos ou acordos de calquera índole; de modo que, en ningún caso, poderá repercutir ditas modificacións sobre o prezo do contrato.

O contratista queda obrigado, respecto ao persoal asignado ao contrato, de facilitarlles a roupa de traballo e os elementos de protección adecuados en cada caso.

Unha vez adxudicado o contrato, o contratista comunicará ao Concello de Caldas de Reis a relación de persoal que adscriba á obra, con indicación do nome, categoría, antigüidade e demais datos necesarios. Igualmente lle comunicará calquera variación que se produza durante a execución do contrato.

O contratista está obrigado a presentar mensualmente, e cando o solicite a Administración os documentos acreditativos de ter satisfeito as cotas á Seguridade Social do persoal adscrito á execución das obras.

Antes do inicio dos traballos o contratista terá que acreditar por escrito as seguintes circunstancias de acordo co artigo 10 do Real decreto 171/2004 de coordinación de actividades empresariais:

- Que xunto coas súas subcontratas realizaron para a obra obxecto do contrato a avaliación dos riscos e planificación da súa actividade preventiva.
- Que xunto coas súas subcontratas cumpriron coas súas obrigas en materia de información e formación dos traballadores que vaian a executar os traballos.

## **CLÁUSULA VINTE. Subcontratacion**

A contratación polo adxudicatario da realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita aos requisitos establecidos no artigo 227 do TRLCSP, así como o pagamento a subcontratistas e subministradores deberá axustarse ao disposto no artigo 228 da citada normativa.

**Se deberá indicar na oferta a parte do contrato que teñan previsto subcontratar, sinalando o seu importe e porcentaxe con respecto a totalidade de execución da obra, e o nome ou o perfil empresarial, definindo por referencia ás condicións de solvencia profesional ou técnica, dos subcontratistas aos que se vaia encomendar a súa realización.**

A infracción destas condicións, así como a falta de acreditación da aptitude do subcontratista ou das circunstancias determinantes da situación de emerxencia ou das que fan urxente a subcontratación, poderá dar lugar, en todo caso, á imposición ao contratista dunha penalidade de ata un 50% do importe do subcontrato.

Os subcontratistas non terán en ningún caso acción directa fronte á Administración contratante polas obrigacións contraídas con eles polo contratista como consecuencia da execución do contrato principal e dos subcontratos.

O contratista deberá informar os representantes dos traballadores da subcontratación, de acordo coa lexislación laboral.

En todo caso, no proceso de subcontratación deberán cumprirse as normas xerais sobre subcontratación establecidas na Lei 32/2006, de 18 de outubro, Reguladora da Subcontratación no Sector da Construción e as súas normas de desenvolvemento, cuxas infraccións, conforme ao indicado no seu artigo 11, serán sancionadas con arranxo ao disposto no Texto Refundido da Lei sobre Infraccións e Sancións na Orde Social, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2000, de 4 de agosto.

#### **CLÁUSULA VINTE E UN. Modificación do proxecto**

O órgano de contratación poderá modificar o contrato no cando sobreveña algunha das circunstancias especificadas no artigo 107 do TRLCSP dentro, en todo caso, dos límites e coa suxeición aos requisitos e efectos sinalados na normativa. En particular será de aplicación o disposto nos artigos 108, 211, 219 e 234 do TRLCSP.

As modificacións acordadas terán, no seu caso, a correspondente repercusión, en máis ou en menos, sobre o prezo do contrato, que se calculará atendendo aos importes ofertados polo contratista e que serviron de base para a adxudicación.

#### **CLÁUSULA VINTE E DOUS. Recepción e liquidación das obras**

As obras serán recibidas dentro do mes seguinte ao da notificación escrita do contratista de que están rematadas. Á recepción concorrerá un facultativo designado pola administración, un representante desta, o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista asistido, se o estima oportuno, do seu facultativo.

Dentro dos 3 meses seguintes contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas.

#### **CLÁUSULA VINTE E TRES. Prazo de garantía**

O prazo de garantía terá unha duración de 1 ano a contar dende a recepción das obras. Durante dito prazo coidará o contratista, en todo caso, da conservación e policía da obra, de conformidade co previsto no prego de condicións técnicas e ás instrucións que dicte o técnico da obra.

Se se descoidase a conservación e dese lugar a que puidese perigar a obra, executarase pola propia administración, a custo do contratista.

Dentro do prazo de 15 días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se este fose favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, salvo o disposto no artigo 236 do TRLCSP (responsabilidade por vicios ocultos), procedéndose á devolución ou cancelación da garantía.

#### **CLÁUSULA VINTE E CATRO. Indemnizacións por casos de forza maior**



A execución da obra realizarase a risco e ventura do contratista e este non terá dereito a indemnización por causa de perdas, avarías ou prexuízos ocasionados na obra, senón nos casos de forza maior.

Terán a consideración de casos de forza maior os establecidos no artigo 231 do TRLCSP, que se tramitarán ao abeiro do disposto no artigo 146 do RGLCAP.

#### **CLÁUSULA VINTE E CINCO. Resolución do contrato**

A resolución do contrato terá lugar nos supostos que se sinalan neste prego, e nos fixados nos artigos 223 e 237 do TRLCSP, e será acordada polo órgano de contratación de oficio ou a instancia do contratista.

#### **CLÁUSULA VINTE E SEIS. Deber de confidencialidade**

Sen prexuízo das disposicións do TRLCSP relativas á publicidade da adxudicación e á información que debe darse aos licitadores, estes poderán designar como confidencial parte da información facilitada por eles ao formular as ofertas, en especial con respecto ós segredos técnicos ou comerciais e ós aspectos confidenciais das mesmas. O órgano de contratación non poderá divulgar esta información sen o seu consentimento.

De igual modo, o contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato, á que se lle deu o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante o prazo de cinco anos desde o coñecemento da información, salvo que os pregos ou o contrato establezan un prazo maior.

#### **CLÁUSULA VINTE E SETE. Réxime xurídico do contrato**

O presente contrato ten carácter administrativo e ámbalas partes quedan suxeitas a el, e no non previsto nas presentes cláusulas, será de aplicación o Real decreto legislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público; o Real decreto 817/2009 de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público; o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, no que non se opoña á lei 30/2007; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo, e no seu caso da Comunidade Autónoma de Galicia e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato administrativo, serán resoltas polo órgano de contratación, resolucións que esgotarán a vía administrativa e contra as mesmas terá lugar o recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto na lei reguladora de dita xurisdición.

Caldas de Reis, 29 de abril de 2015  
O Alcalde,

Asdo.: Juan Manuel Rey Rey